

## VERÁN EN NEGREIRA

# Saúda do alcalde, Manuel Leis Míguez

» O rexedor nicrariense convida a celebrar, reencontrarse e gozar do verán a veciños e visitantes

B.C. [SANTIAGO]

Queridos veciños e veciñas,  
Un ano máis chegamos a estas datas tan especiais para familiares e amigos. Son días festivos e lúdicos, pero tamén de xuntanzas e reencontros con moitos dos nosos seres queridos que están lonxe da nosa terra e que se achegan a visitarnos e gozar destas festas en compañía dos seus.

Como é tradición na nosa vila, celebramos o San Cristovo con diversos actos, tanto lúdicos como relixiosos. Desde a Alcaldía do Concello de Negreira, ánimoos a todos a participar e gozar da ampla programación destes días. Convidade tamén a familiares e amigos doutros lu-

gares a que nos visiten, para que poidan gozar non só dos eventos, senón tamén dos nosos recunchos, sendeiros, miradoiros e demais marabillas do patrimonio natural e histórico que ofrece o noso concello.

Quero agradecer especialmente ás distintas asociacións, tanto á de Festexos de Negreira como á de Transportistas de Negreira, pola súa encomiable labor na organización das actividades. Grazas ao seu esforzo e á colaboración do Concello, podemos garantir o éxito e a seguridade destas festas.

Somos unha vila hospitalaria e acolledora, lugar de paso do Camiño de Fisterra, onde día tras día nos visitan numerosos peregrinos que realizan esta ru-



Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde de Negreira // Javier Rosende

ta xacobeá. É fundamental que lles ofrezamos unha imaxe de sociabilidade e cortesía.

Deséxolles a todos unhas

boas festas. Gocen do noso pobo, das nosas xentes e, coma sempre, quedo á súa disposición para calquera cousa que

poidan necesitar.

Con saúdo afectuoso,  
O alcalde,  
Manuel Ángel Leis Míguez.

**SALVADOR**

CASA DO BACALLAU DENDE 1920

Restaurante de cociña tradicional  
especializado en bacallau, riles con xerez  
e carnes galegas

Barcala, 23 • A Baña • T. 981 88 53 12

Cafetería Cervecería

**Abrente**

Negreira

**CARNICERÍA**

**SUSO**

NEGREIRA BERTAMIRÁNS

NEGREIRA Tel. 981 886 363  
Rúa de Cachurra

BERTAMIRÁNS Tel. 981 891 998  
Avda. de la Mahía, 38

**adrianamarino**  
clínica dental

Nº Col. 1260

Carrera de San Mauro, 10 baixo  
15830 NEGREIRA (A Coruña)  
Tel/Fax 881 81 77 32  
628 285 857  
www.adrianamarino.com  
clinica@adrianamarino.com

**LEGALEI**  
ASESORAMIENTO E  
DEFENSA XURÍDICA

644 380 223

Avda. Vilachán, 9  
15830 Negreira (A Coruña)

legaleinegreira@gmail.com

www.legalei.es

**GranVía**

Negreira s.l.

**Muebles y  
Electrodomésticos**

Camino Viejo Nº 17 | 15830 Negreira  
T. 981 885 661  
www.mueblesgranvia.com

Abierto  
SABADOS y  
DOMINGOS  
por la  
mañana

VERÁN EN NEGREIRA

# Vivir o verán en Negreira: Festas de San Cristovo e moito máis

» O Concello conta cun amplo programa lúdico para gozar durante todo o mes de xullo

B.C. [SANTIAGO]

O Concello de Negreira prepárase para un verán cheo de actividades e celebracións, entre as que destacan as tradicionais Festas de San Cristovo, que rematan hoxe, 14 de xullo. Estas festividades, de grande arraigamento na vila, combinan eventos relixiosos e lúdicos, atraendo tanto a veciños como a visitantes.

O concerto de hoxe da Banda de Música Ateneo de Negreira na Praza do Concello ás 20:00 horas poralle o ramo a estas celebracións que comezaron este pasado venres, 12 de xullo, e que fixeron gozar a veciñanza e visitantes con grandes orquestras, como a Gran

Parada, Fusión e La Fórmula.

Ademais das Festas de San Cristovo, Negreira ofrece unha variada programación durante todo este mes de xullo.

**Diververán 2024:** Do 1 ao 31 de xullo, de luns a venres, de 10:30 a 13:30 horas na Casa de Cultura. Nenos e nenas de 4 a 12 anos poderán participar en talleres de manualidades e xogos.

**Campamento "Respira":** Programa de conciliación que se levará a cabo do 1 ao 31 de xullo, de 08:45 a 14:15 horas.

**Cultura a Pé de Rúa:** O venres 12 ás 20:30 horas no Parque do Coto co espectáculo "Rogelio" da



King África actúa o 27 de xullo no Entroido de Verán de Negreira. Debaixo, o Aquapark de Cerceda // ECG



Fête - Clown.

**Excursión ao Aquapark Cerceda:** O mércores 17 ás 14:45 horas.

**Noites en Vela:** O sábado 20 ás 21:00 horas en Pontemaceira, con actuacións do Coro Son Elas e Lon-treira, seguido de fogos artificiais.

**Cultura a Pé de Rúa:** O venres 26 ás 20:30 horas na Praza do Concello, co espectáculo "Cigani 100%" de Cía Antón Coucheiro - Clown.

**Entroido de Verán:** O sábado 27 durante todo o día na Praza do Concello, organizado pola Asociación Negreira Viva en colaboración co Concello de Negreira.

# NEGREIRA

*Festas de San Cristovo - xullo 2024*

VENRES  
12

pasarrúas co grupo **OS GARULEIROS** e verbena a cargo da

**ORQUESTRA**  
**GRAN PARADA**  
**FUSIÓN** REVOLUTION

SÁBADO  
13

pasarrúas co grupo **OS GARULEIROS** e verbena a cargo de

**LA FORMULA**  
**DJ JAVI MACHITO**

disco móbil  
FABRICK

DOMINGO  
14

ás 20.00 h. Concerto na Praza do Concello

Banda de Música **ATENE**  
**DE NEGREIRA**

organizan e colaboran

Asociación de Festexos de Negreira



IMPRESA  
Graficas  
GALICIA